



Europa ante o espello

Description

Europa quedou sen leste en 1989. En 2025, semella quedar sen norte. Para os dilemas que afronta na actual encrucillada son insuficientes tanto Denis de Rougemont como George Steiner. A idea dunha Europa construída nos últimos oitenta anos sobre a base da oposición a un rival precisa doutras coordenadas. E se o futuro da política continental pasa por ceder ás chantaxes do cobrador do frac que nos anuncia Mark Rutte, o flamante secretario xeral da OTAN, mais nos valera non ser europeos.

As relacións entre EEUU e Europa afrontan unha profunda transformación. O desentendemento non só resulta dos diferentes enfoques para lograr a paz en Ucraína senón da relación con Rusia e ata nas políticas internas esenciais, dende os fundamentos sistémicos ata as políticas migratorias. Fronte a China e Asia, Europa non é unha prioridade para os EEUU. Non obstante, a premisa de maximizar os intereses estadounidenses constrúese sobre a base de que a UE asuma máis custos na relación sen destruír a dependencia e esixindo un alíñamento vasalo. Esa ampliada defensa europea que se reivindica, vai ser para ofrecerlla aos EEUU ou para contribuir a un esquema de seguridade decidido polos europeos? Será para servir a unha hexemonía unipolar en decadencia ou a unha multipolaridade cooperativa?

Se Biden quera unir a Europa, Xapón e Corea do Sur para conter a China e Rusia, a principal prioridade diplomática de Trump é separar a Rusia de China. Europa debe contribuir a esa estratexia e permitir que o grosor do esforzo militar estadounidense se traslade a Asia. Pero atraer a Moscova ao redil estadounidense pode ser un esforzo baldío e lograr como saldo a separación da UE dos EEUU. É moi pouco probable que os Estados Unidos e Rusia se reconcilien tan repentinamente como fixeron os Estados Unidos e China para contrarrestar a Unión Soviética no pasado.

Se a relación transatlántica tradicional está pasando a mellor vida, Europa, ante a fenda con EEUU, debera promover un enfoque construtivo na relación con China cunha mirada propia, afastada da obsesión antagónica de Trump. Unha China que, por certo, a diferenza de Rusia, é partidaria da presenza europea nas negociacións sobre o futuro de Ucraína. Nos seus dez puntos para resolver o conflito, mantén, por exemplo, o compromiso coa soberanía e integridade territorial e nin tan sequera, a día de hoxe, recoñeceu a anexión rusa de Crimea (2014). Eses matices, ao igual que o feito de que os chineses non esquecen que se viron na obriga de ceder un territorio significativo en Siberia, no afastado oriente de Rusia, a través do tratado desigual de Pekín de 1860 (algúns mapas chineses aínda amosan esta rexión rusa, incluída Vladivostok, cos seus antigos nomes), non impiden nin lastran unha colaboración activa ruso-chinesa. Bruxelas ten diferenzas con China pero sen ela non podería equilibrar a desafección cos EEUU.

Europa está ante unha encrucillada histórica. A decisión de Washington de privilexiar a relación con Rusia transcende o fin da guerra en Ucraína. Europa tamén debera apostar por unha saída política para o conflito e por un compromiso coa paz que vaia máis alí, é dicir, que alente unha axenda global de pacificación que atinxa a outros focos de tensión -comezando por poñer coto aos atropelos xenocidas de Israel en Oriente Medio e evitando unha guerra con Irán- e desbotando involucrarse noutros futuros, comezando por rexeitar calquera tipo de dinámica belicista en Asia. Trump non

© un pacifista.

O que Europa debe rexeitar neste momento é aceptar unha dependencia máis profunda dos Estados Unidos. O auxe continental de forzas de extrema dereita e as propostas estadounidenses representa un desafío. Se Europa aspira a ter voz propia no futuro panorama global debe poñer coto ás inxerencias intolerables de EEUU na política europea.

A autonomía estratéxica de Europa é indispensable para afianzar un papel independente e unha posición específica no concerto global. O discurso en boga semella facer depender esta autonomía dun fortalecemento das capacidades militares propias. Sen embargo, a clave de bóveda non é o orzamento de defensa senón a unidade e vontade políticas e o reforzamento da cohesión. Este é o maior obstáculo para definir medidas unificadas. No eido da seguridade, o camiño non é fortalecer o gasto militar axeonándose ante o Pentágono senón recuperar aquel propósito da casa común europea que inclúa a Rusia, paulatinamente desbotado polo alargamento da OTAN.

O rumbo que Europa elixa non só afectará ás relacións transatlánticas senón que determinará o incremento substancial ou non da presión estratéxica sobre China pretendido por Trump. Non se trata de tomar partido por un ou por outro senón de fixar unha posición propia. Só así haberá espazo para unha UE relevante como actor global, capaz de buscar afinidades para sentar as bases dunha orde post-estadounidense.

INVESTIGACION

Relacións Internacionais Unión Europea

Date Created

Maio 2, 2025

Meta Fields

Autoria : 3717

Subtítulo : Artigo orixinalmente publicado no Faro de Vigo, 25 de febreiro do 2025